

Parques sen fume

Fagámolo entre todos e todas!

Galicia foi pioneira no fomento de espazos libres de tabaco ao aire libre, creando no ano 2016 a "rede galega de Praias sen Fume" enmarcada no **Programa Galego de Promoción dunha vida sen tabaco**, da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Este proxecto supuxo un punto de partida para actividades de promoción da saúde dirixidas á cidadanía, onde a súa participación activa é imprescindible. A excelente acollida desta iniciativa, anímanos a estendela a outros ámbitos, nesta ocasión aos **parques galegos**.

Non hai sancións, nin vixilancia para o incumprimento. Respetar a prohibición de fumar é un compromiso persoal.

Obxectivos:

Promover unha vida sen tabaco

Desnormalizar o consumo do tabaco

Reforzar o papel modélico-positivo dos adultos

Promover accións que respecten e coiden o ambiente



Que é un parque sen fume?

Un parque onde **non se fuma** e está sinalizado coa prohibición

Algunhas razóns para "desfrutar" dun parque sen fume

Porque...

Cada vez que acendemos un cigarro estamos poñendo en risco a nosa saúde e a dos que están ao noso arredor.

Non podemos esquecer que o consumo de tabaco é a primeira causa de morbilidade e de mortalidade evitable. Non fumar en espazos ao aire libre, onde non está regulado por lei, será un paso máis para conseguir unha sociedade sen tabaco para todos/as e entre todos/as.

Impórtanos o exemplo que lle damos aos máis pequenos e á mocidade.

É responsabilidade de todos contribuír a desnormalizar o consumo de tabaco na nosa sociedade. O noso posicionamento e a nosa forma de actuar fronte o tabaco debe ser clara e exemplarizante. Debemos mostrar que o normal é non fumar.

Para gozar do parque non fai falta fumar

O parque é un lugar que nos permite desfrutar da natureza sós ou en compañía, facer unha paréntese no noso día, gozar da paisaxe, ler, pasear, facer exercicio, divertirse coa familia, coa parella, os amigos... onde o fume de tabaco é totalmente prescindible.

